

**Follas do Cineclub | 18/10/2017**  
**25 de outubro, o primeiro día**  
 (25e- первый день [25e- pervyy den],  
 Yuriy Norshteyn / Arkadiy Tyurin,  
 URSS, 1968, 8', VOSG)  
**Carta de Siberia**  
 (Lettre de Sibérie, Chris Marker,  
 Francia, 1958, 57', VOSG)

03

**André Bazin**  
**(tirado de France-Observateur, 30 de outubro de 1958)**

Chris Marker é, tal vez se recorde, o autor dos textos de *Toute la mémoire du monde* (Toda a memoria do mundo, 1956) e *Les Statues meurent aussi* (As estatuas tamén morren, 1953) que o público só puido ver ata o momento a medias, pois foi cortada pola censura. Estes textos incisivos, contundentes, nos que unha afiada ironía xoga ás agachadas coa poesía, bastarían para outorgarlle ao seu autor un lugar destacado no ámbito da produción de curtametraxes, o sector máis vivo do cinema francés. Como autor dos textos dos filmes do seu amigo Resnais, con quen se entende de marabilla, Chris Marker renovara xa profundamente a relación habitual do texto coa imaxe. Pero a súa ambición era a todas luces máis radical: propúñase realizar os seus propios filmes.

Primeiro foi *Dimanche à Pékin* (Domingo en Pekín, 1956), xustamente premiada no Festival de Tours de 1956, e agora é a extraordinaria *Lettre de Sibérie* (Carta de Siberia, 1958). *Dimanche à Pékin* era sen dúbida admirábel, aínda que ao mesmo tempo decepcionaba un tanto, xa que o formato da curtametraxe semellaba insuficiente para un tema tan amplo. Tamén hai que recoñecer que as imaxes, adoito moi fermosas, non ofrecían, con todo, material documental suficiente. Deixábanos con gana de máis. Agora ben, o xerme da dialéctica entre imaxe e palabra, que Chris Marker ía desenvolver en *Lettre de Sibérie*, xa estaba nela. Dialéctica que esta vez se desprega coa duración dunha longametraxe e con todas as súas consecuencias.

“Un punto de vista documentado”

Como presentar *Lettre de Sibérie*? En primeiro lugar como o que non é, constatando que non se asemella

en absoluto a ningún filme de tipo (de “tema”) documental dos que ata o momento temos visto. Pero agora hai que intentar dicir o que si é. Simple e obxectivamente este filme é a reportaxe cinematográfica dun francés que ten o privilexio de visitar Siberia con total liberdade, seguindo un itinerario de varios miles de quilómetros. A pesar de que xa se viron, desde hai tres anos, algunhas reportaxes filmadas por viaxeiros franceses en Rusia, *Lettre de Sibérie* tampouco se asemella a ningunha delas. Para intentar captar de forma máis precisa a súa natureza, proporei esta definición aproximada: *Lettre de Sibérie* é un ensaio en forma de reportaxe cinematográfica sobre a realidade siberiana do pasado e do presente. Ou mellor aínda, adaptando a fórmula que Vigo aplicaba a *À propos de Nice* (A propósito de Niza, 1930), “un punto de vista documentado”, direi que é un ensaio documentado polo filme. A palabra que importa aquí é “ensaio”, entendida no mesmo sentido que na literatura: un ensaio á vez histórico e político, mais escrito por un poeta.

En efecto, xeralmente, e mesmo no caso do documental “comprometido” ou de tese, a imaxe, é dicir, o elemento propiamente cinematográfico, constitúe a materia prima do filme. A orientación vén dada pola selección e a montaxe, e o texto acaba de organizar o sentido conferido ao documento. No caso de Chris Marker, ocorre algo distinto. Diría que a materia prima é a intelixencia, a palabra a súa expresión inmediata, e que a imaxe non intervén máis que en terceira posición, en relación coa intelixencia verbal. O proceso inverteuse. Aínda arriscarei outra metáfora: Chris Marker aporta nos seus filmes unha concepción completamente nova da montaxe, que eu chamaría horizontal, en oposición á montaxe tradicional que se realiza ao longo da película, centrada na relación entre os planos. No caso de Marker, a imaxe non remite ao que a precede ou a segue, senón que en certa forma se relaciona totalmente co que se di.

Do oído ao ollo

Aínda mellor, o elemento primordial é a beleza sonora, e é desde ela desde onde a mente debe saltar cara a imaxe. A montaxe faise do oído ao ollo. Debido á falta de espazo, só darei un exemplo diso, por outra banda o máis logrado. Chris Marker preséntanos un documento significativo e ao tempo bastante neutro: unha rúa de Yakoutsk. Vemos pasar por ela un autocar e a uns obreiros traballando na reparación da calzada; por último un tipo de cara un tanto revirada, en todo caso pouco favorecido pola natureza, cruza por casualidade por diante da cámara. Chris Marker decide entón comentar estas imaxes, máis ben anódinas, desde dous puntos de vista opostos: primeiro o do simpatizante comunista, ao termo do cal o peón descoñecido aparece como un “pintoresco representante

# LETTRE DE SIBÉRIE

## ANDRÉ BAZIN / CHRIS MARKER

das rexións boreais”, peón que na versión reaccionaria transfórmanse nun “inquietante asiático”.

Xa esta antítese, por si soa, pode considerarse unha descuberta brillante e digna de deleite, aínda que tamén poida semellar unha ocorrencia simplona: pero entón o autor proponnos un terceiro comentario, imparcial e minucioso, que describe obxectivamente ao pobre mongol como “un yakutio que padece de estrabismo”. Nesta ocasión, estamos alén da astucia e a ironía, posto que o que Marker acaba de facer é proporcionar unha demostración implícita de que a obxectividade é aínda máis falsa que os dous puntos de vista sectarios, é dicir, que, polo menos no que concirne a determinadas realidades, a imparcialidade é unha ilusión. A operación á que vimos de asistir é precisamente dialéctica, posto que consistiu en emitir tres iluminacións intelectuais distintas sobre unha mesma imaxe e en recibir o seu eco.

#### Intelixencia e talento

Aínda me queda por informar ao lector, para completar a idea que poida facerse desta empresa sen precedentes, de que Chris Marker non se limita a usar documentos filmados *in situ*, senón que emprega todo o material filmico útil ao seu obxectivo: e non só, naturalmente, documentos de carácter estático (gravados, fotos, etc.), senón tamén debuxos animados, sen dúbida, por outra banda, en dicir, á maneira de McLaren, as cousas máis serias do modo máis cómico (como na secuencia dos mamuts). Só hai un denominador común a todo este despregue de recursos: a intelixencia. A intelixencia e o talento. Precisemos, para ser xustos, que a fotografía é de Sacha Vierny, a música de Pierre Barbaud, e que o texto está excelentemente lido por Georges Rouquier.

Xunto a *Lettre de Sibérie* proxéctase un extraordinario documental de Mario Ruspoli sobre a caza do cachalote, tal e como se practica aínda a día de hoxe nalgunhas illas Azores, é dicir, coa arcaica técnica do arpón de man, a mesma que describe Melville en *Moby Dick*. É tanto un documental sobre a caza de baleas como un filme etnográfico sobre a vida deses estraños pobos de pescadores.

#### Chris Marker (tirado de Éditions du Seuil, 1961)

Pode ser que a chegada do inverno non sexa o momento ideal para filmar en Siberia. Por outra banda,

cando temos a posibilidade de ir a Siberia, sen poder representala aínda mellor, como imos poñer peros? O mesmo, mentres que a magnificencia de tres *Pieds Nickelés* permítenos pensar nunha longametraxe, logo a ocasión de dicir máis, pódese un parar na aprehensión (confirmada pola experiencia) de dar a luz a un monstro, dunha curtametraxe de sete bobinas? Nós embarcámonos entón -Pierrard, Gatti, Vierny e máis eu- a fins de agosto de 1957 nunha aventura da que este filme e o libro de Gatti Siberia - cero + infinito (de Éditions du Seuil, coñécena?) deixan ver polo menos unha reprodución. A condecoración de descubridores, ou case, da Yakoutia, tivo como reverso unha carencia de preparación por parte dos cadros locais no traballo que lles demandabamos. Ademais, nós non interpretamos o papel do documental-soviético-anterior-ao-vixésimo-congreso onde as regras eran: toda imaxe debe ser, como a muller de Stalin, insospeitábel. Positivo + positivo + positivo até o infinito, o que resulta como pouco estraño no país da dialéctica. De aí unha certa incompreensión que non fai máis que subliñar a excepcional deportividade dos nosos anfitrións, que nos deixaron, que nos axudaron a traballar dun xeito que eles non sempre comprendían, e que por momentos eles volvían a probar. Sen importar o que eu pense hoxe deste filme, teño polo menos unha certeza: a de non telos traizoado. Isto grazas á firmeza do honorábel Pierrard, sherpa e piar da expedición -á ciencia infundida, difundida e profusa, magnificada polo iogur e o vodka do camarada Gatti- e sobre todo á insubstituíble solidariedade de Sacha Vierny que é un mico, pero un mico de ferro.

## CINECLUBE DE COMPOSTELA



#### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
① cineclubedecompostela.blogaliza.org  
facebook.com/cineclubedecompostela  
@ cineclubedecompostela@gmail.com

#### PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)  
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

#### 4 DE OUTUBRO

##### Arrabaldes

(Украина [Okraina], Boris Barnet, URSS, 1933, 98', VOSG)

#### 11 DE OUTUBRO

##### Cinema-Verdade 21o: Lenin

(Кино-Правда 21 ая: Ленинская [Kino-Pravda 21aia: Leninskaia], Dziga Vertov, URSS, 1925, 23', VOSG)

##### Turksib

(Турксиб [Turksib], Viktor Turin, URSS, 1929, 77', VOSG)

#### 18 DE OUTUBRO

##### 25 de outubro, o primeiro día

(25e- первый день [25e- pervyy den], Yuriy Norshteyn / Arkadiy Tyurin, URSS, 1968, 8', VOSG)

##### Carta de Siberia

(Lettre de Sibérie, Chris Marker, Francia, 1958, 57', VOSG)

#### 25 DE OUTUBRO

##### Bambule

(Bambule, Eberhard Itzenplitz, RFA, 1970, 90', VOSG)